

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOAQUINA GALLEGO JORRETO  
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN  
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN  
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 1º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.	1.1. Coñece, respecta e coida a obra creada.
2. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	2.1. Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.
3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	3.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo.
4. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	4.1. Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
5. Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	5.1. Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
6. Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	6.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 2º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
2. Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.	2.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
3. Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.
4. Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	4.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
5. Identificar o significado profundo do Nadal.	5.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
6. Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	6.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

### 3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 3º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	1.1. Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.
2. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	2.1. Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.
3. Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.	3.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
4. Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.	4.1. Explica significativamente a orixe do Nosopai.
5. Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.	5.1. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

#### 4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 4º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	1.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
2. Coñecer as características do perdón de Deus.	2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
3. Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	3.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
4. Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.	4.1. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.
5. Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística.	5.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.
6. Coñecer trazos da Coresma como tempo penitencial.	6.1. Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 5º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Recoñecer e estimar que Deus creou a persoa humana con desexo de ben.	1.1. Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
2. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.	2.1. Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. 2.2. Define o termo bíblico de Alianza.
3. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.	3.1. Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.
4. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.	4.1. Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.
5. Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	5.1. Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.
6. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	6.1. Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 6. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles / 6º CURSO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	1.1. Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
2. Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana.	2.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.
3. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	3.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.
4. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	4.1. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.
5. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	5.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva



<b>7. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas diarias e semanais</li> <li>• Fichas avaliativas.</li> <li>• Se é posible de xeito oral por conexión telemática ou similar.</li> </ul>
	Instrumentos: Aula virtual, seguimento das tarefas propostas. Entrega dos traballos en tempo polos medios previstos ou por outros alternativos propostos e de acordo co mestre de área.
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Primeiro e segundo trimestre avaliados con respecto o traballo presencial. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final que será computada tendo en conta a media das anteriores e valorando en positivo o esforzo realizado nas tarefas propostas para o terceiro trimestre.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non procede na presente etapa. No mes de setembro reaxustaranse as programacións atendendo aos aspectos pendentes do presente curso.
<b>Atención á diversidade</b>	Dende o Departamento de Orientación propónse a elaboración dunha addenda ao Plan e Orientación por parte do Especialista en PT e AL, logo dunha posta en común e de acordo co profesorado e titoras.
	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tarefas diarias e semanais adaptadas.</li> <li>• Fichas de reforzo.</li> <li>• Adaptación dos materiais comúns se fose preciso e do nivel e cantidade segundo cada caso.</li> <li>• Se é posible, de xeito oral por conexión telemática ou similar, farase un seguimento por parte do especialista.</li> </ul>

As programacións didácticas para o curso 2020/2021 terán en conta as adaptacións realizadas na programación deste terceiro trimestre coa finalidade de que o alumnado poida progresar a partir das aprendizaxes anteriores.

Polo tanto, e una vez realizada a correspondente avaliación inicial, retómanse os aspectos que puideran quedar pendentes no presente trimestre, e que consideremos imprescindibles para dar comezo coa programación do citado curso 2020/2021.

<b>8. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Proposta, como ate o de agora, de actividades semanais indicando a temporalización que se considera máis axeitada ás circunstancias actuais. Achegamento de enlaces con vídeos explicativos axeitados e proposta de actividades relacionadas online.</p> <p>Tarefas para ser cumprimentadas e entregadas empregando a Aula Virtual coa que levamos traballando dende mediados de marzo.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Os materiais da proposta de actividades serán facilitados as familias dende o propio Concello en formato impreso que a familia previamente pode solicitar e de non ser posible pasar a recollelo, eles mesmos llo achegarán aos domicilios.</p> <p>En principio e segundo os datos que nos constan, tódalas familias do alumnado dispoñen de conexión a internet, inda que sexa unha pequena liña de datos que lle permitiría a resolución dunha proba sinxela de xeito individual empregando un dispositivo móbil.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Relixión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Libro do alumno.</li> <li>• Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo e actividades de ampliación.</li> <li>• Cadernos ou fichas complementarios.</li> <li>• Recursos dixitais: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.</li> </ul>

<b>9. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Páxina web do centro</li> <li>• Espazo Abalar/ abalarMóbil</li> <li>• Aula Virtual</li> <li>• Teléfono e Mensaxería instantánea.</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• Videoconferencia Webex ou se presenta dificultade outras máis populares e sinxelas.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/</a>